

LISTA DE ASISTENTES

Ana Amorós Pons
Xosé Baamonde Silva
Alberto Dafonte Gómez
Silvia García Mirón
Beatriz Legerén Lago
Jorge Lens Leiva
Xabier Martínez Rolán
María Isabel Míguez González
Julinda Molares Cardoso
Paulino Pérez Feijóo
Diana Ramahí García
Fortunato Rodríguez Fernández
José Rúas Araujo
Enma Torres Romay
Montse Vázquez Gestal
Javier Abuín Penas

DESCULPAN A SÚA AUSENCIA

Juan Manuel Corbacho Valencia
Carmen López de Aguilera
M^a Isabel Moreira Recamán

Acta da sesión ordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade do 20 de marzo de 2019, convocada para as 15:30 h en primeira convocatoria e ás 16:00h en segunda, na Sala de Xuntas da Facultade de Ciencias Sociais e da Comunicación.

O día 20 de marzo de 2019, ás 16:00 h deu comezo a sesión ordinaria do Consello de Departamento de Comunicación Audiovisual e Publicidade, co obxecto de tratar os seguintes puntos da **orde do día**:

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior:

Apróbase.

2. Informe do Director do Departamento.

O director do departamento, José Rúas Araújo, informa:

- A) Recórdase ao profesorado que, no caso de ter previsto imputar *gastos de axudas de custo* (dietas) ou adquisición de *material susceptible de ser inventariable* á súa produción de investigación é necesario facer unha estimación aproximada previa para solicitar a transferencia de crédito as partidas orzamentarias correspondentes. O director informa que debe facerse de maneira conxunta, de xeito que cando estean todas as previsións se fará a transferencia de crédito.

Varios profesores manifestan o seu malestar pola situación, xa que a dita fórmula paraliza algunhas solicitudes que xa están feitas, así como a dificultade, en ocasións, de facer unha previsión a longo prazo ou previamente (no caso das dietas).

A profesora Enma Torres explica que non é unha normativa da Universidade, senón do cambio producido na Lei e que implica a todas as administracións e que obriga a facer unha RC (reserva de gasto) con anterioridade á súa realización, porque os ingresos cambiaron de partida orzamentaria.

Establécese o prazo dun mes para facer as solicitudes de previsión (hai que enviar a factura proforma), e preguntárase se é factible establecer diferentes prazos (por exemplo, 30 abril, 30 de setembro, 30 de novembro).

- B) Recibiuse unha notificación no departamento sobre o procedemento para a compra de libros con cargo a departamentos, centros, etc, por mor da modificación do orzamento da biblioteca para as adquisicións de libros.
- C) O director recorda que despois do Consello de Departamento está prevista a charla de José Díaz Cuesta, subdirector do Instituto de RTVE, dentro das Xornadas de Formación, Empregabilidade e Innovación nas Radiotelevisións Públicas, organizadas polo departamento.

O director informa que está en conversas para que o próximo invitado sexa Alfonso Sánchez Izquierdo, director xeral da CRTVG. O profesor Pérez Feijó manifesta que quere presentar un veto á presenza desta persoa na facultade pola política que está a desenvolver na CRTVG.

O profesor Fortunato Rodríguez aclara ao profesor Paulino que a presenza de responsables de TVE e CRTVG foi acordada previamente, entre el, como responsable da titulación de Comunicación Audiovisual, e o director do departamento, no marco do debate sobre a modificación do plan de estudos de Comunicación Audiovisual, coa intención de promover unhas xornadas, contando coa opinión de expertos, para falar do futuro e posibilidades de empregabilidade no sector para o estudantado da Facultade. O director do departamento ratifica o indicado polo profesor Fortunato e indica ao profesor Paulino que se o director xeral da CRTVG accedía á invitación era porque o director do departamento llo pediu persoalmente pero que, desde logo non había ningún interese político no asunto. De calquera xeito, o director do departamento instou ao profesor Paulino a que propuxese, na maior brevidade, ás persoas que considerase para as xornadas.

3. Presentación e aprobación, se procede, de materias para incluír na modificación do Plano de Estudos do grado de Comunicación Audiovisual:

O director recorda o aprobado no Consello anterior, a proposta de modificación que resultou das tres propostas presentadas, agradecendo de novo o traballo dos profesores implicados. Agradece ademais o traballo do profesor Fortunato Rodríguez, que deixa a coordinación do Grao de Comunicación Audiovisual e agradece á profesora Beatriz Legerén que sexa quen tome a coordinación do mesmo a partir de agora.

O profesor Fortunato Rodríguez afirma que, finalmente, non se vai pedir a semipresencialidade para dúas optativas, tal e como se pensou inicialmente, porque esixe un traballo a maiores, sobre todo dende o punto de vista administrativo. Non se descarta que máis adiante isto se poida facer, do mesmo xeito que ocorre noutras titulacións.

Tamén insiste na necesidade de presionar na Reitoría para que todas as materias estean operativas, mesmo de maneira rotatoria, de tal xeito que, tanto en 3º como en 4º, o alumnado poida escoller entre todas.

A profesora Beatriz Legerén recorda que, no anterior Consello, se aprobou a listaxe de materias obrigatorias e abriuse un prazo para que o profesorado fixese propostas na optatividade, intentando axustar os tres itinerarios (sen existir como tales) ou especialidades que se buscaba ofertar: produción e realización, interactividade e novos formatos e comunicación publicitaria, aproveitando o Grao de Publicidade e Relacións Públicas.

A profesora Legerén informa das propostas de optativas que se presentaron, nalgúns casos eran máis recomendacións de melloras dalgúns contidos que propostas de materias, anunciando algúns pequenos cambios nas denominacións dalgúns materias presentadas e a unión dalgúns contidos. As materias propostas son as que seguen:

1. Análise e crítica audiovisual.
2. Dirección artística.
3. Dirección escénica.
4. Posproducción Audio
5. Guión, Producción e Realización de programas de entretemento.
6. Creación Audiovisual en Novos Formatos.
7. Produtos de entretemento interactivo: Videoxogos.
8. Deseño e Desenvolvemento de aplicacións móbiles.
9. Mundos virtuais en comunicación.
10. Posproducción II: Efectos visuais.
11. Producción e Realización de contidos de marca.
12. Novas tendencias nos medios.
13. Deseño Dixital, Expresión Gráfica e Motion Graphics.
14. Creatividade publicitaria audiovisual

Apróbase o listado de materias optativas.

A profesora Legerén engade as seguintes consideracións:

- O alumnado precisa 30 ECTS de optativas (5 materias). Poderá elixir entre 14 se se consegue a rotación das mesmas, pois iso permitiría que se dispoña da oferta completa.

- Sobre a semipresencialidade dalgúns optativas, que xa mencionou o anterior coordinador do grao, reconece tamén que é un proceso complexo, pois dende as entidades avaliadoras requírense moitos parámetros organizativos, de competencias e calidade.

- Para facilitar a realización das prácticas e do TFG no último semestre, fórmulase unha concentración da docencia en dous meses, tal como se fai na actualidade con dúas optativas (Redes e Móbiles), cambios que so implican pequenas modificacións na guía e planificación docente.

A profesora Mariana Fernández pregunta por que a materia de Dirección Artística e Escénica pasou de obrigatoria a optativa. A profesora Legerén informa que se fixo para facer fincapé na propia

especialidade e que, ademais, desdóbrase en dúas materias (Dirección escénica e Dirección artística) que sempre deben estar operativas.

O profesor Baamonde formula que esta modificación se lle explique ao alumnado, fundamentalmente de cara á aprobación desta modificación na Xunta de Facultade, onde o estudiantado ten un peso importante. A coordinadora do grao establece que falará con eles, xa que a maioría está matriculado nas súas materias, polo que será máis doado explicarlles os cambios.

O profesor Fortunato Rodríguez comenta que tamén debería explicárselles estas modificacións ao persoal docente asociado. O director do departamento recorda a dificultade de reunirse con eles; solicitoulles varias reunións, pero os problemas cos horarios fixeron que non fosen moi concorridas. Formula que volverá a intentarse.

O profesor Paulino Pérez manifesta que en todos os escritos debe incluírse que non pode haber actualizacións, modificacións, cambios... se non hai diñeiro para financeiros.

4.- Asuntos de profesorado: aprobación de permisos de máis de 15 días.

- Solicitud de Javier Abuín Penas. Estancia de investigación de tres meses na Universidad de Michigan, USA,

Apróbase.

5.- Asuntos de trámite

Non hai

6. Rolda de intervencións.

Non hai

Sen máis intervencións levántase a sesión ás 17:00 horas.

En Pontevedra, 20 de marzo de 2019

O director

José Rúa Araujo



A secretaria do departamento

Montserrat Vázquez Gestal